



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|-------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2021/22 |
| Asignatura (*) | Debuxo e Expresión Gráfica Aplicados á Moda | Código | 710G03006 | |
| Titulación | Grao en Xestión Industrial da Moda | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición | | | |
| Coordinación | López Salas, Estefanía | Correo electrónico | estefania.lsalas@udc.es | |
| Profesorado | López Salas, Estefanía | Correo electrónico | estefania.lsalas@udc.es | |
| Web | pin.it/7kgwVg | | | |
| Descrición xeral | Esta materia ten un dobre obxectivo: dotar ao alumnado da capacidade para expresar as súas ideas mediante o debuxo a man alzada, entendendo esta capacidade como básica e necesaria para o seu desenvolvemento na contorna profesional do deseño de moda, e conseguir que o alumnado adquira os coñecementos fundamentais que lle permitan enfrontarse á análise das formas na moda por medio do debuxo a man alzada. Paralelamente a estes obxectivos, o alumnado irá tomando coñecemento dos modos de expresión gráfica no ámbito da xestión industrial de moda. | | | |



| | |
|-----------------------------|---|
| Plan de continxencia | <p>Caso de producirse situacións temporais limitadas por restricións locais derivadas de gromos ou peches na localidade en que se localice o centro docente que impidan a docencia nun escenario de normalidade, prevese o paso deste á un escenario alternativo de docencia baseado no soporte TIC proporcionado pola universidade, en especial a plataforma Moodle, Teams e o correo electrónico.</p> <p>1. Modificacións nos contidos ? Non se realizan cambios nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen Mantense o conxunto das metodoloxías docentes empregadas, pasando o modo docente a desenvolverse de maneira non presencial, total ou parcialmente. ? Actividades iniciais ? Sesión maxistral ? Obradoiros (computa na avaliación) ? Traballos tutelados (computa na avaliación) ? Seminario ? Proba práctica (computa na avaliación)</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican ? Non está previsto modificar as metodoloxías docentes.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado ? Os mecanismos de atención personalizada ao alumnado utilizarán as plataformas sinaladas con anterioridade postas a disposición pola universidade: Moodle, Microsoft Teams e o correo electrónico institucional. Temporalización: a establecida segundo o calendario e horario académicos fixados polo centro ao comezo do curso.</p> <p>4. Modificacións na avaliación ? Non se realizarán cambios.</p> <p>*Observacións de avaliación: ? Non se realizarán cambios</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía ? O alumnado disporá do material necesario dixitalizado en Moodle.</p> |
|-----------------------------|---|

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A4 | Dominar os fundamentos do deseño en xeral e do deseño da moda en particular, e enmarcalos no seu contexto histórico particular e xeral. |
| A5 | Desenvolver as necesarias habilidades para a xeración de ideas creativas e innovadoras. |
| A18 | Coñecer as linguaxes plásticas e visuais no ámbito do deseño da industria da moda, para entender e interpretar as creacións artísticas de prendas de moda. |
| B1 | Que o estudiantado demostrase posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e se adoita atopar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. |
| B2 | Que o estudiantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. |



| | |
|-----|---|
| B3 | Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. |
| B4 | Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado. |
| B5 | Que o estudantado desenvolvera aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. |
| B7 | Capacidade para analizar tendencias (razoamento crítico). |
| B8 | Capacidade de planificación, organización e xestión de recursos e operacións. |
| B9 | Capacidade de análise, diagnóstico e toma de decisións. |
| B10 | Capacidade de comprensión da dimensión social e histórico-artística do deseño e a industria da moda, vehículo para a creatividade e a busca de solucións novas e efectivas. |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero. |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras. |
| C6 | Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables. |
| C7 | Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social. |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| C9 | Ter a capacidade de xestionar tempos e recursos: desenvolver plans, priorizar actividades, identificar as críticas, establecer prazos e cumprilos. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|---|----------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Sistemas de representación: Comprensión e coñecemento dos sistemas de representación e a súa relación cos procedementos de ideación gráfica e de expresión visual nas distintas fases do deseño de moda. | A4 A5 A18 | B1 B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 | C3 C5 C6 C8 |
| Análise de formas: Comprensión e coñecemento da figura humana, das leis de perspectiva, da teoría de sombras e valoración tonal e a aptitude ou capacidade da súa aplicación ós procedementos de estudo fenomenolóxico e analítico das formas. | A4 A5 | B1 B2 B4 B5 B8 B10 | C3 C6 C7 C8 C9 |
| Teoría da composición: Comprensión e coñecemento das distintas teorías da composición e a súa aplicación á expresión gráfica do deseño de moda. | A4 A18 | B1 B2 B3 B4 B5 B10 | C3 C6 C7 C8 |



| | | | |
|--|-----------|---|--|
| Ideación gráfica e representación: Aptitude ou capacidade para concebir e representar as propias ideas e dominar a proporción e as técnicas de expresión gráfica, así como a representación e o acabado final. | A4 A18 | B2 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 | C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 |
|--|-----------|---|--|

| Contidos | |
|--|--|
| Temas | Subtemas |
| 1. Introducción ó debuxo e á expresión gráfica | 1.1. O debuxo como ferramenta 1.2. O debuxo como linguaxe 1.3. O debuxo de moda: niveis de representación gráfica |
| 2. Análise da representación da figura humana | 2.1. A figura humana: proporcións e canon natural 2.2. O figurino de moda. Conceptos básicos: proporción, canon de moda, formas, volumes, conexións e perspectiva |
| 3. O debuxo de moda a man alzada | 3.1. Consideracións xerais 3.2. Nocións e técnicas de encaixe e proporción 3.3. Debuxo experimental de moda |
| 4. Debuxo e expresión gráfica do movemento na moda | 4.1. As poses básicas 4.2. Variacións das poses básicas 4.3. O movemento de elementos: rostro, mans e pés 4.4. Vestir o figurino de moda: silueta, detalles e tecido |
| 5. Ferramentas e técnicas de expresión gráfica no debuxo de moda | 5.1. Composición e soporte 5.2. Incorporación de imaxes, materiais e texto 5.3. Sombras no debuxo de moda 5.4. Representación gráfica do corpo humano 5.5. Representación gráfica de tecidos e prendas |

| Planificación | | | | |
|------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais | A18 B1 B5 C6 C8 C9 | 1.5 | 0 | 1.5 |
| Sesión maxistral | A4 A5 B10 C3 C4 C7 | 21 | 0 | 21 |
| Obradoiro | A4 A5 A18 B3 B4 B7 B8 B9 B10 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 | 21 | 50 | 71 |
| Traballos tutelados | A4 A5 A18 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | 3 | 30 | 33 |
| Seminario | A4 A5 A18 B2 B5 C5 C7 | 9 | 10 | 19 |
| Proba práctica | C9 | 2 | 0 | 2 |
| Atención personalizada | | 2.5 | 0 | 2.5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
| | |



| | |
|----------------------|---|
| Actividades iniciais | Estas actividades lévanse a cabo ó inicio do proceso de ensinanza-aprendizaxe, co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posee o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren acadar, vencellados á materia. Con elas preténdese obter información relevante que permita artellar a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado. |
| Sesión maxistral | Nas sesións maxistrais expóñense os contidos teóricos da asignatura e os desenvolvementos prácticos fundamentais baseándose no emprego da palabra e apoiándose fundamentalmente na imaxe, con presentacións dixitais e debuxos, como vías principais de transmisión da información. |
| Obradoiro | Nos obradoiros semanais búscase que o alumnado poña en práctica os coñecementos adquiridos, a través dunha serie de exercicios propostos polo profesorado, co seu apoio e supervisión durante o tempo da clase. O alumnado entregará os exercicios realizados nos obradoiros ó finalizar a clase e/ou ó finalizar a materia, según indique o profesorado. |
| Traballos tutelados | Os traballos tutelados son unha metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes fóra da aula, baixo a tutela do profesorado. Ó longo do cuadrimestre propoñerase ó alumnado un enunciado/s e tema/s, para que o/s desenvolva pola súa conta e o/s entregue según indique o profesorado. O horario semanal de titorías permitirá facer o seguimento e tutela destes traballos, de modo voluntario. |
| Seminario | Os seminarios serán impartidos por profesionais externos que achegarán a súa visión da práctica profesional en relación coa materia, centrada en determinados aspectos relacionados co debuxo e a expresión gráfica aplicados á moda. |
| Proba práctica | Utilízase como proba individual para a avaliación final da aprendizaxe, permitindo avaliar a capacidade e destreza adquirida ó longo da materia. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|----------------------------------|---|
| Obradoiro Traballos tutelados | No horario de titorías, os docentes, de xeito individual ou en pequenos grupos, atenderán ás necesidades e consultas do alumnado relacionadas co desenvolvemento e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe. Tamén poderá realizarse de xeito non presencial a través de Teams. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|---------------------|---|--|---------------|
| Obradoiro | A4 A5 A18 B3 B4 B7 B8 B9 B10 C3 C4 C5 C6 C7 C8 C9 | Avaliación das prácticas e traballos plantexados e realizados na aula (clases expositivas, interactivas e seminarios) e/ou completados fóra dela. Estes traballos deben dar idea da maduración do alumnado na materia. Do 30% da calificación desta metodoloxía o 15% poderá obterse das entregas parciais que o profesorado establezca durante o curso e o outro 15% da entrega final dun bloc con tódalas prácticas do curso. É precisa a realización e entrega, en tempo e forma, do 80% dos traballos propostos para poder ser avaliado, sempre dacordo ás normas que o profesorado da materia establezca para as entregas parciais e a entrega final. | 30 |
| Traballos tutelados | A4 A5 A18 B3 B4 B5 B7 B8 B9 B10 C3 C4 C5 C6 C7 C8 | É unha parte fundamental da avaliación xunto cos traballos realizados no obradoiro, e realizarase fora da aula de modo paralelo ó curso. A súa elaboración coa mínima calidade esixible é indispensable para a súa consideración, así como a súa entrega en tempo e forma, dacordo coas normas que o profesorado establezca durante o curso. Do 30% da cualificación desta metodoloxía o 15% poderá obterse das entregas parciais do traballo tutelado que o profesorado establezca durante o curso e o outro 15% da entrega final do mesmo nun bloc. | 30 |
| Proba práctica | C9 | A proba práctica (exame) serve de control para avaliar a maduración final do alumnado ó término da materia. Para superar a proba práctica e que faga media co resto de metodoloxías, o alumnado deberá alcanzar un mínimo de 4 puntos sobre 10. | 40 |



Observacións avaliación

1. Segunda oportunidade

Na segunda oportunidade aplicaranse os mesmos criterios de avaliación que na primeira.

2. Convocatoria adiantada

Ao alumnado que queira presentarse á convocatoria adiantada de decembro, para superar esta materia aplicaráselle os mesmos criterios de avaliación que para a primeira e segunda oportunidade.

3. Calificación de non presentado

O alumnado que non se presente á proba práctica (exame) figurará en actas coa cualificación final de "Non Presentado" (NP).

O alumnado que se presente á proba práctica (exame), pero que non teña unha cualificación nas partes correspondentes ao obradoiro e aos traballos tutelados, figurará en actas coa cualificación final de "Non Presentado" (NP).

4. Es tudiantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia

Os criterios de avaliación aquí recollidos aplicaranse tanto ao alumnado matriculado en réxime de dedicación a tempo completo como no caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia.

Xerais

A presencialidade (asistencia) é imprescindible, con participación activa e aproveitamento, tanto para a realización das prácticas e traballos no taller, como para as clases teóricas e seminarios.

As prácticas do obradoiro, os traballos tutelados e a proba práctica (exame) só terán validez para o curso actual (primeira e segunda oportunidade, respectivamente), e deberán repetirse nos seguintes cursos académicos.

O comportamento fraudulento en calquera dos apartados sometidos a avaliación suporá a cualificación de "Suspenso (0)" na avaliación final.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Brambatti, Manuela (2017). Ilustración de moda: técnicas y métodos de dibujo profesional. Barcelona: Promopress - Bryant, Michele Wesen (2012). Dibujo de moda : técnicas de ilustración para diseñadores de moda. Barcelona: Blume - Drudi, Elisabetta Kuky (2010). Dibujo de figurines para el diseño de moda. Amsterdam: Pepin Press - Feyerabend, F. V. (2014). Figurines de moda : patrones para ilustración de moda. Barcelona : Gustavo Gili - Martín Roig, Gabriel (2007). Dibujo para diseñadores de moda. Barcelona: Parramón - Riegelman, Nancy (2012). 9 heads: a guide to drawing fashion. Los Ángeles: 9 Heads Media |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Hopkins, John (2010). El dibujo en la moda. Barcelona: GG - Sanmiguel, David (2008). El arte del dibujo. Barcelona : Parramón - Wager, Lauren (2017). La paleta perfecta: combinaciones de colores inspiradas en el arte, la moda y el diseño. Barcelona: Promopress |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fundamentos de Deseño Artístico da Moda/710G03002

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Deseño de Moda/710G03010

Observacións

O alumnado que participe en programas de mobilidade tanto saínte como entrante adaptaráselle ás mesmas normas que o resto. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable ambiental e social é recomendable facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Asimesmo, débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías